

# CURRÍCULO

## Bacharelato

---

## Artes Escénicas I

---



XUNTA  
DE GALICIA

## 1. Artes Escénicas

---

### 1.1 Introdución

A materia de Artes Escénicas impártese en dous cursos académicos, ao longo dos cales o currículo se desenvolve de forma progresiva. O seu carácter eminentemente práctico convértea nun espazo de experimentación e exploración colectiva desde o que fomentar o desenvolvemento da expresividade e a creatividade, e descubrir os códigos específicos das artes escénicas, incluídas as performativas. Esa mesma natureza práctica convida a vincular esta materia con outras en que tamén se cultivan destrezas musicais, vocais, corporais ou de planificación e xestión de proxectos artísticos.

A materia está deseñada a partir de cinco obxectivos, que se vinculan cos obxectivos xerais da etapa e coas competencias clave previstas para o bacharelato. Estes obxectivos permítenlle ao alumnado participar da vida cultural da súa contorna, difundir e valorar o patrimonio. Facilitan, igualmente, o enriquecemento do seu imaxinario, o crecemento do seu repertorio persoal de recursos, a ampliación das súas posibilidades de gozo das manifestacións artísticas e a identificación de oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional ligadas a estas artes.

Así mesmo, favorecen o criterio estético, as habilidades de comunicación e negociación, o autoconhecemento, a creatividade, a empatía, a imaxinación e o espírito emprendedor. Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos están deseñados para comprobar o seu grao de consecución.

Os contidos da materia que será necesario activar para adquirir os devanditos obxectivos organizanse en cinco bloques, que non deben acometerse obligatoriamente na orde na que están presentados, senón dunha maneira integrada en función das demandas que expoñan as distintas situacións de aprendizaxe, facilitándose deste xeito unha visión global da materia.

O primeiro bloque, «Patrimonio escénico», atende ás tipoloxías e ás tradicións das artes escénicas, así como aos seus cambios e transformacións ao longo do tempo. O segundo bloque, «Expresión e comunicación escénica», comprende diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica. O terceiro bloque, «Interpretación», recolle os elementos relativos á recreación e á representación da acción dramática. O cuarto bloque, «Representación e escenificación», engloba os saberes relativos ao espectáculo escénico e ao traballo en grupo. Finalmente, o bloque chamado «Recepción nas artes escénicas» ocúpase do público e das estratexias e técnicas de análises de manifestacións escénicas.

Espérase que o alumnado sexa capaz de poñer en funcionamento os contidos en situacións de aprendizaxe onde actúe como axente social progresivamente autónomo e gradualmente responsable do seu propio proceso de aprendizaxe.

## 1.2 Obxectivos

Obxectivos da materia
<p>OBX1. Analizar manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, describindo as súas características, establecendo relacións co seu contexto e identificando posibles influencias e proxeccións, para valorar o patrimonio e enriquecer o imaxinario propio.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>■ A adquisición deste obxectivo implica aprender a identificar e a describir as características dos principais tipos de espectáculos escénicos de diferentes épocas e tradicións, así como a relationalos co seu contexto histórico e xeográfico, valorando a súa importancia nas transformacións sociais de que son orixe ou reflexo. A contextualización destes espectáculos fará posible a súa adecuada valoración como produtos dunha época e un contexto social determinados, á vez que permitirá a reflexión sobre a súa evolución e a súa relación co presente. Por este motivo, ademais de acudir ao canon occidental, convén achegarse a outras tradicións culturais. Prestarase atención aos distintos tipos de relacións que se establecen na diversidade do patrimonio escénico: desde as influencias entre formas e estilos, separados ou non no tempo, ata a permanencia de certos elementos dun período a outro, pasando polas reaccións, rexeitamentos ou subversión que xera un estilo ou corrente concreta. Doutra banda, incluir a perspectiva de xénero e intercultural ao abordar a análise do contexto axudará a que o alumnado comprenda o papel que a muller e as persoas de grupos étnicos e poboacionais que sufren discriminación desempeñaron na arte ao longo da historia, e as distintas consideracións que recibiron en cada época. Neste sentido, non só se deberán estudar as súas representacións en diversas obras, senón tamén as súas achegas ás artes escénicas.</li><li>■ No marco do desenvolvemento deste obxectivo analizaranse, desde a recepción activa e cun vocabulario técnico adecuado, manifestacións escénicas representativas a través da súa posta en escena, en directo ou mediante reproducións analóxicas ou dixitais. Resultarán tamén de utilidade o comentario de textos e imaxes e a consulta de fontes bibliográficas.</li><li>■ O descubrimento de formas de expresión distintas daquelas coas que está máis familiarizado enriquecerá o imaxinario do alumnado, achegándolle ideas e técnicas para aplicar nas súas propias creacións ou interpretacións.</li></ul>
<p>OBX2. Explorar as posibilidades expresivas de diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica, a través de actividades de carácter práctico, para incorporar o seu uso ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos más adecuados á intención comunicativa.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>■ O descubrimento e a exploración das distintas posibilidades expresivas que ofrecen os diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica permítenlle ao alumnado enriquecer o seu repertorio persoal de recursos, e aprender a seleccionar e a aplicar os más adecuados a cada necesidade ou intención comunicativa.</li><li>■ A dramatización, o xogo, a creación colectiva e a improvisación, tanto pautada como libre, constitúen un medio idóneo para levar a cabo esta exploración. Na aula, estas actividades de carácter práctico brindaranlle ao alumnado a oportunidade de descubrir e aplicar, de maneira individual ou en grupo, diferentes técnicas e estratexias para reflexionar sobre a situación, a acción e o conflito dramático, ou realizar a análise, a construcción e a caracterización</li></ul>

da personaxe.

- Así mesmo, estas actividades constituirán unha ferramenta moi útil para aprender a seleccionar os recursos plásticos, literarios, audiovisuais ou doutro tipo que mellor se axustan ás ideas, sentimentos e emocións que se pretenden plasmar sobre o escenario. As tecnoloxías dixitais facilitarán tamén o acceso a unha ampla gama de exemplos de uso destes recursos.
- A exploración das posibilidades de expresión e comunicación escénica favorece o autocoñecemento, a confianza e a motivación, e contribúe ao fomento do respecto pola diversidade de ideas e opinións, ao enriquecemento cultural entre iguais e á superación de barreiras e estereotipos sociais, culturais ou sexistas.

**OBX3.** Abordar a recreación e representación da acción dramática, a partir da construcción colectiva de escenas que mostren todo tipo de personaxes e conflitos, para desenvolver habilidades de comunicación e negociação e reforzar o autocoñecemento, a creatividade, a empatía, a imaxinación e o espírito emprendedor en diversas situacóns e contextos.

- A recreación e representación da acción dramática favorece a comprensión das manifestacións escénicas e o seu recoñecemento como parte do patrimonio cultural, así como a ampliación das posibilidades de expresión persoal mediante a adquisición das destrezas e técnicas vocais, xestuais, corporais e rítmico-musicais propias do intérprete.
- A lectura e a análise de obras, o visionamento de espectáculos, así como os ensaios, constitúen momentos e espazos para a adquisición desas destrezas e técnicas de interpretación individual e grupal. A interpretación individual permite traballar aspectos como a concentración, a memorización, a expresión persoal ou a adecuación ás directrices da dirección. Pola súa banda, a interpretación grupal favorece o desenvolvemento da capacidade de desempeñar diversas funcións ou de escoitar os demás e interactuar con eles durante a representación. Para asegurar a adquisición deste obxectivo, débese incentivar a participación do alumnado na construcción colectiva de escenas que mostren todo tipo de personaxes, situacións e conflitos dramáticos.
- Tanto a asimilación de técnicas de interpretación como a representación de obras dentro ou fóra da aula fan necesaria a adquisición doutras estratexias e destrezas que axuden o alumnado para xestionar adecuadamente a frustración que pode xerar o propio proceso de aprendizaxe, así como a manter a concentración e a superar a inseguridade e o medo escénico durante as actuacións. Estas estratexias de control e xestión das emocións axudarán o alumnado a desenvolver a súa autoestima e permitiránlle afrontar con maior seguridade as situacións de incerteza e os retos aos que deberá de enfrentarse.

**OBX4.** Realizar proxectos de creación e difusión escénica, planificando as súas fases, seleccionando e estruturando os elementos de significación e assumindo diferentes funcións con iniciativa e responsabilidade, para expresar unha intención comunicativa, enriquecer a contorna cultural e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional.

- O deseño e a realización dun proxecto de creación e difusión escénica require dun traballo planificado e en equipo. Ser partícipe deste proceso de creación conxunto contribúe a fomentar a iniciativa e a autonomía do alumnado, a resolución creativa das dificultades atopadas, a valoración do traballo en equipo, a asunción de responsabilidades individuais para lograr un obxectivo común, así como a empatía e o respecto pola diversidade de aptitudes e opinións.
- O alumnado deberá xerar e perfeccionar ideas de proxecto, recorrendo a distintas fontes dixitais e bibliográficas, respectando a propiedade intelectual e tendo en conta a intención comunicativa, as características do marco de

recepión previsto, así como a viabilidade e a sustentabilidade do proxecto na súa relación cos posibles condicionantes e limitacións técnicas. Ademais, seleccionará e estruturará os elementos de significación máis adecuados; establecerá as directrices de interpretación, representación e escenificación; planificará as distintas etapas do proxecto, asegurando, especialmente, o tempo necesario para os ensaios; e realizará unha repartición de tarefas, equilibrado e eficaz, a partir da identificación das diferentes funcións e da carga de traballo asociada a cada unha delas nas distintas fases do proceso. Deberá prever tamén un plan de difusión, promoción e avaliación, que poderá incluír o contacto con institucións e organismos públicos e privados implicados no fomento das artes escénicas. Para poder levar a cabo todas estas accións, resultará de grande utilidade analizar, na clase, casos concretos que permitan visualizar e entender o proceso que vai desde a idea inicial ata a posta en escena do espectáculo.

- O proxecto pode supoñer, tamén, o traballo multidisciplinario e o uso de diferentes aplicacións e ferramentas tecnolóxicas, analóxicas e dixitais. Por outra banda, tanto a interpretación como o desempeño dalgunha das funcións da producción permitiranlle ao alumnado recoñecer as súas aptitudes e descubrir distintas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional ligadas ao ámbito das artes escénicas.

OBX5. Valorar críticamente manifestacións escénicas, identificando o público ao que se dirixen e analizando as súas características e os seus presupostos artísticos, para desenvolver o criterio estético, difundir o patrimonio e ampliar as posibilidades de gozo das artes escénicas.

- A asistencia a distintos espectáculos ou o visionado de diferentes manifestacións escénicas, xa sexa en vivo ou a través de medios dixitais, permítelle ao alumnado tomar conciencia do dobre papel do espectador como receptor activo e valorador crítico. Débese aproveitar esta experiencia para profundar na noción de público e descubrir a súa tipoloxía.
- A vivencia colectiva da catarse, o estrañamento, a identificación e a participación favorece, ademais, a comprensión do proceso de recepción e poden funcionar como elemento motivador no desenvolvemento da recepción activa. Este verase beneficiado pola adquisición de estratexias e técnicas de análise crítica, que poden abordarse a partir da posta en común das impresións e dos comentarios que, sobre unha determinada obra, formulen as persoas que integran o grupo. Contribuirán a este proceso de construcción conjunta do coñecemento as valoracións expresadas por especialistas en críticas escénicas e en recensións dramáticas. Ao consultar eses textos, o alumnado atopará un vocabulario específico, novas estruturas e novas ferramentas que lle axudarán a articular mellor as súas propias valoracións críticas. Poderá formulalas de forma oral, escrita ou multimodal, sempre desde o respecto á propiedade intelectual, empregando os conceptos e as estratexias de análise más adecuadas en cada caso. Estas producións poderán incluír, de ser o caso, unha valoración do texto do que parte a obra.
- A publicación das críticas do alumnado pode servir como instrumento para a difusión do patrimonio e como invitación para acudir a diferentes espazos escénicos.

### 1.3 Criterios de avaliação e contidos

#### Primeiro curso

Materia de Artes Escénicas

1º curso

Bloque 1. O patrimonio escénico

Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CA1.1. Identificar, cun vocabulario adecuado, as principais características de manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, establecendo relacións co seu contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción activa.</li> <li>■ CA1.2. Establecer conexións entre manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, valorando a súa influencia sobre as artes escénicas actuals.</li> <li>■ CA1.3. Identificar diferentes manifestacións escénicas empregando a terminoloxía adecuada, reelaborando información a partir de fontes fiables e reflexionando criticamente sobre as súas características.</li> </ul>	OBX1 OBX1 OBX5
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Artes escénicas: concepto, tipoloxías e tradicións.</li> <li>■ As artes escénicas e a súa historia: cambios e transformacións.</li> <li>■ Dramaticidade, teatralidade e performatividade.</li> <li>■ O patrimonio inmaterial.</li> </ul>	
<b>Bloque 2. Expresión e comunicación escénica</b>	
Criterios de avaliación	Obxectivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CA2.1. Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de sistemas, medios e códigos de significación escénica, a través de actividades de carácter práctico.</li> <li>■ CA2.2. Recrear a acción dramática, o deseño de personaxes e a configuración de situacións e escenas seleccionando as técnicas más adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.</li> </ul>	OBX2 OBX2
Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Códigos de significación escénica: natureza, descripción e clasificación.</li> <li>■ O espazo escénico como xerador de significado. A convención teatral.</li> <li>■ Recursos plásticos: escenografía volumétrica e virtual, caracterización, iluminación e espazo sonoro.</li> <li>■ Recursos literarios e outros materiais. O texto dramático.</li> <li>■ O conflito dramático: personaxe, situación e acción dramática.</li> <li>■ A personaxe dramática: análise, caracterización e construcción.</li> <li>■ Xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva.</li> </ul>	
<b>Bloque 3. Interpretación</b>	
Criterios de avaliación	Obxectivos

<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CA3.1. Empregar técnicas elementais de interpretación aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita, diálogo e aprendizaxe.</li> </ul>	OBX3
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CA3.2. Recrear e representar a acción dramática, demostrando eficacia, seguindo as indicacións da dirección, mantendo a concentración e xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico.</li> </ul>	OBX3
<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Preparación física e preparación pre-expresiva. O coidado do corpo nas artes escénicas e performativas.</li> <li>■ Métodos e técnicas de interpretación.</li> <li>■ Os instrumentos do intérprete: expresión corporal, xestual, oral e rítmico-musical. A conciencia emocional.</li> <li>■ A personaxe dramática: graos de representación, obxectivos e funcións.</li> <li>■ A partitura interpretativa e a súa execución.</li> </ul>	
<b>Bloque 4. Representación e escenificación</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Obxectivos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CA4.1. Participar activamente na realización de proxectos colectivos de creación e difusión escénica, asumindo diferentes funcións con iniciativa e responsabilidade, e valorando e respectando as achegas e experiencias do resto de integrantes do grupo.</li> </ul>	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CA4.2. Avaliar e presentar os resultados da participación en proxectos de creación e difusión escénica, analizando a relación entre os obxectivos expostos e o produto final obtido, e explicando de forma argumentada as posibles diferenzas entre eles.</li> </ul>	OBX4
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ CA4.3. Representar e adaptar a acción dramática, os elementos dramáticos, expresivos e plásticos disponibles aos requirimentos do proxecto para desenvolver baseándose no traballo colaborativo e inclusivo.</li> </ul>	OBX2
<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ O espectáculo escénico: concepto e características.</li> <li>■ Tipoloxías básicas do espectáculo: clásico, de vanguarda, corporal, occidental, oriental, de obxectos, musical, dancístico, de interior, de rúa.</li> <li>■ Outras formas de presentación escénica: <i>happening, performance, videoteatro ou teatro-danza</i>.</li> <li>■ O deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.</li> <li>■ Os ensaios: tipoloxía, finalidades e organización.</li> <li>■ Representación de espectáculos escénicos.</li> <li>■ Estratexias de traballo en equipo. Resolución de conflitos.</li> </ul>	
<b>Bloque 5. Recepión nas artes escénicas</b>	
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Obxectivos</b>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA5.1. Identificar o tipo de público ao que se dirixe un espectáculo determinado, baseando os argumentos na análise da obra e nas reaccións do público.</li> </ul>	OBX5
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA5.2. Comentar manifestacións escénicas empregando a terminoloxía adecuada, reelaborando información a partir de fontes fiables e reflexionando criticamente sobre as súas características e presupostos artísticos.</li> </ul>	OBX5
<b>Contidos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ O público: concepto e tipoloxías.</li> <li>▪ A recepción teatral: catarse, estranamento e participación.</li> <li>▪ Estratexias e técnicas de análise de manifestacións escénicas.</li> <li>▪ O respecto á propiedade intelectual. A protección da creatividade persoal.</li> </ul>	

## 1.4 Orientacións pedagógicas

A intervención educativa na materia de Artes Escénicas desenvolverá ou seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

**Relación entre os obxectivos da materia de Artes Escénicas e as competencias clave a través dos descritores operativos establecidos no anexo I**

Obxectivos da materia	Competencias clave							
	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1	2-3	3		1-2	2	1		1-2
OBX2	1			1	1.1-2	1	3	3.1
OBX3	1			2	1.1-2	1	1	3.1
OBX4	3			2	3.1-3.2	2-3	2-3	4.1-4.2
OBX5	1-3			1-2	4	1		1-2

## Liñas de actuación non proceso de ensino e aprendizaxe

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a súa capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- A importancia do fin buscado en cada un dos dous cursos: máis centrado na expresión individual e a representación escénica clásica en primeiro de bacharelato, e destinado a desenvolver un espectáculo complexo, actual e colaborativo en segundo de bacharelato. Resultará fundamental a relación con outras materias do bacharelato artístico etc. Todas elas están intimamente ligadas, dado que a adquisición de obxectivos é secuencial.
- As distintas indicacións segundo as situacíons de aprendizaxe, que poden ser un elemento de partida moi importante para o traballo na aula.
- O desenvolvemento coa aprendizaxe baseada en proxectos e a aprendizaxe baseada en indagacíons.
- O traballo interdisciplinario para aplicar coñecementos esenciais doutras disciplinas cun importante reflexo na materia, por exemplo, a aptitude vocálica.
- A creación de situacíons a partir da asunción, por parte do alumnado, de diferentes funcións en distintas manifestacíons e propostas, de forma que se converta en parte viva da recreación artística.
- A realización de propostas ante diferentes tipos de público e en distintos escenarios, compartindo o gozo artístico e enriquecendo a vida cultural da contorna.
- A selección de pezas que se fagan eco de múltiples referencias culturais.